


# CONSTRUÍMOS PAZ



un mundo  
en tus manos



# CONSTRUÍMOS PAZ: UNIDADE DIDÁCTICA

## INTRODUCCIÓN

A presente unidade didáctica forma parte do proxecto “**Días D**”, que se enmarca dentro da proposta pedagóxica de Entreculturas para educar en Cidadanía Global: “**Un Mundo nas túas Mans**”. A través desta proposta, queremos contribuír á tarefa de formar persoas capaces de transformar a súa contorna como parte dunha cidadanía global activa e comprometida cos retos globais do noso tempo e o cumprimento da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

Os recursos educativos do proxecto “Días D” facilitannos achegarnos e aprender sobre temáticas relacionadas cos valores propios da cidadanía global, promovendo a aprendizaxe e o compromiso activo coas nosas contornas educativas, comunitarias e cidadáns. En concreto, **esta unidade didáctica propón traballar sobre a Cultura de Paz**, co obxectivo de desenvolver coñecementos, valores e competencias sociais e cidadás para participar na construción dunha convivencia respectuosa, pacífica e en diversidade. Ademais, a proposta convida o grupo a reflexionar sobre a necesidade de construír igualdade entre todas as persoas para alcanzar unha Cultura de Paz, e para iso aprenderemos que a igualdade está nas nosas mans.

A unidade didáctica está composta por tres propostas didácticas adaptadas a distintas franxas de idade, deseñadas para traballar tanto no ámbito formal como o non formal con grupos de nenas, nenos e mozos das seguintes idades:

- Primeira franxa de idade: 5 a 8 anos.
- Segunda franxa de idade: 9 a 12 anos.
- Terceira franxa de idade: 12 a 16 anos.

**Cada unha das propostas didácticas inclúe os seguintes apartados:**

- Obxectivos educativos.
- Materiais necesarios.
- Miramos a imaxe.
- Desenvolvemento da actividade, cunha proposta final na que o grupo realice unha acción concreta para construír paz na súa contorna.

As actividades incluídas nesta unidade didáctica non están ligadas a unha única data ou evento, senón que poden utilizarse en calquera contexto cuxo obxectivo educativo sexa traballar con grupos a importancia da construción de cultura de paz nas nosas contornas globais e locais. A modo de orientación, suxerimos a seguinte relación de Días Internacionais, que polas temáticas que tratan poden constituír unha boa oportunidade educativa para utilizar esta proposta didáctica. Estes días internacionais aparecen sinalados no calendario escolar, que xunto aos carteis e esta selección de unidades didácticas, forman parte do proxecto Días D:

- Día Internacional da Democracia (15 de setembro)
- Día Internacional da Paz (21 de setembro)
- Día Internacional da Non Violencia (2 de outubro)
- Día do Voluntariado (5 de decembro)
- Día dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Día Escolar da Paz e a non Violencia (30 de xaneiro)
- Día Mundial da Xustiza Social (20 de febreiro)

- Día Internacional para a eliminación da discriminación racial (21 de marzo)
- Día Mundial de Loita contra o bullying e o acoso escolar (2 de maio)
- Día Internacional da Convivencia en Paz (16 de maio)
- Día Mundial da Diversidade cultural, o diálogo e o desenvolvemento (21 de maio)
- Día Internacional das Poboacións Indíxenas (9 de agosto)
- Día Internacional da Solidariedade (31 de agosto)

Estas unidades didácticas están aliñadas coa promoción dunha cidadanía global comprometida coa consecución da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Concretamente, esta unidade didáctica vincúlase co Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable 16: Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas.

# UNIDADE DIDÁCTICA: 5 A 8 ANOS

## OBXECTIVOS:

1. Reflexionar sobre a importancia de xerar cultura de paz e convivencia nas nosas contornas.
2. Promover a resolución de conflitos de maneira pacífica a través do diálogo, o encontro e os coidados.
3. Fomentar que as e os participantes se identifiquen como cidadás e cidadáns globais construtores de paz nas súas contornas educativas e comunitarias.

## MATERIAIS:

- Hula- hoop ou cartón grande cortado en forma de aro
- La de cores
- Siluetas de plumas (ver Anexo 1)
- Materiais para decorar (adhesivos, fíos de cores, abelorios, etc.)
- Lapis, bolígrafos e pinturas de cores
- Reprodutor de música

## MIRAMOS A IMAXE:

Miramos co grupo o cartel que decora a portada desta unidade didáctica. Que vemos?

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Comezamos convidando o grupo a responder ás seguintes preguntas: **Que é para vós a paz? Que imaxes ou situacións vos veñen?**

Recoméndase que a persoa que facilita anote as respostas nunha lousa ou nun lugar visible. Ao finalizar, lembramos que a **paz está formada por pequenos xestos e accións que todas e todos podemos facer cada día, en diferentes partes do mundo.**

Coa finalidade de ir descubrindo e explorando máis sobre este tema, imos ler un conto. A persoa que facilita le en voz alta:

**“Conta a lenda que arredor do mundo existen uns paxaros moi pequenos que teñen unha gran misión: a de viaxar polo planeta terra e pousarse preto daquelas nenas e nenos, papás e mamás, avoas e avós, amigos e amigas, que non son capaces de poñerse de acordo cando existen diferenzas entre elas e eles, que exclúen outras persoas por seren diferentes, cando hai medo, e sobre todo cando hai un conflito.**

**Alí onde hai dúas persoas que non se poñen de acordo, onde existen diferenzas, onde aparece a rabia, o medo e o enfado, e falta o diálogo, estes paxariños voan preto e cun pouco de “maxia” animan ás persoas para mirarse aos ollos, e....”**

Deixamos o final en suspense, e abrimos unha rolda de debate co grupo usando as seguintes preguntas:

- Que contou o conto ata agora?
- Que vos pasa cando vos enfadades e tedes un conflito con alguén?
- Que vos adoita axudar para sentirvos mellor e xestionar o conflito?
- Que creedes que lles pode dicir ao oído o paxaro?
- Como creedes que termina a historia tras estes consellos?

A persoa que facilita a actividade vai apuntando todo o que vaia saíndo nunha lousa, incluíndo os finais que crean que pode ter o conto.

Para completar o conto, contaremos que estes paxaros se poden atopar en todo o mundo, acompañando cada persoa. Cando ven que hai un conflito, que se exclúe unha persoa por ser diferente, ou que non se chega a acordos, cada paxariño trae un “ **atrapamedos**” no seu pico, e atrapa todos os medos, prexuízos e ideas que fan dano e nos afastan das persoas. Ao levar todo isto, que creedes que queda despois? Aquí podemos guiar a reflexión complementando coas seguintes palabras: tras atrapar os medos, queda **a empatía, o coidado, o encontro, a aperta, a escoita, a comprensión, a igualdade, a solidariedade, a unión, o apoio, a paz**, etc.

Finalizamos esta primeira parte animando ao grupo a que actúen o final do conto que elixan entre todas e todos. Por exemplo: “Os paxariños voan sobre as cabezas e animan ás persoas para mirarse aos ollos e... a darse **unha aperta, ou darse as mans, ou bailar xuntas e xuntos**, etc.” Segundo o final que decidan, poñemos unha música animada e alegre e pedimos ao grupo que camiñen polo espazo libremente. Cando a música se deteña, deberán buscar un compañeiro ou compañeira para “abrazarse, darse a man, ou bailar”, como decidisen o final do conto. Cando a música pare novamente, as parellas deberán buscar rapidamente outra parella a quen “abrazar, dar a man, ou bailar” e agora serán catro persoas! A dinámica segue ata que o grupo enteiro actúe o final do conto que decidiron.

Concluimos a dinámica explicando que coidar ás persoas da nosa contorna, sen importar de onde veñan e como sexan, é tarefa de todos e todas por igual. **Cando coidamos de maneira igualitaria, somos cidadás e cidadáns que constrúen paz no mundo.**

## A IGUALDADE ESTÁ NAS NOSAS MANS, POR ONDE EMPEZAMOS?

Para realizar unha acción na que construíamos cultura de paz, propoñemos ao grupo que imos crear unha escultura de coidados entre todos e todas. En concreto, convidámoslles a tecer unha rede máxica como o “atrapamedos” dos paxaros, que teña o poder de atrapar aqueles medos, prexuízos e ideas que nos afastan e danan ás persoas, creando contornas de paz e igualdade.

Para comezar, preguntamos: Que medos, estereotipos ou prexuízos temos doutras persoas que poden danar, excluír e crear conflitos?

Como guía, podemos mencionar algúns exemplos de medos ou ideas que nos distancian: “cando unha persoa fala diferente; cando non entendemos a cultura doutra persoa; cando unha persoa se viste diferente; etc.” Tamén podemos mencionar aqueles estereotipos que adoitamos escoitar na nosa contorna e nos afectan a nós ou a outras persoas. Apuntamos cada medo nun papel.

Para completar o “atrapamedos”, preguntamos: Que palabras quedan despois de atrapar estes medos? Por exemplo, a empatía, o coidado, o encontro, a paz, etc. Estas palabras liberámolas ao quitar os medos, prexuízos e estereotipos, e voan entre as persoas como plumas lixeiras, creando cultura de paz. Para simbolizar estas palabras, propoñemos entregar a cada participante unha pluma de papel (**ver Anexo 1**), para que escriban **unha destas palabras de paz, coidados e de igualdade entre todas as persoas**.

Unha vez que estes dous elementos estean listos, construímos o noso “atrapamedos”. Para iso necesitaremos un hula- hoop ou un cartón recortado en forma de aro. Decoramos este aro e tecemos a tea de araña dentro del con la dunha a varias cores. Os medos pegámoslos ou enganchámoslos dentro da rede, para que se visualice que foron atrapados. As plumas coas palabras de paz podémolas colgar con fíos ou las do aro grande, como mensaxes que animen a achegarnos ás demais persoas, entendernos, coidarnos, e crear cultura de paz.

Este “atrapamedos” pódese colgar nalgún lugar visible do espazo para que nos lembre **que somos construtores e construtoras de paz todos os días, en diferentes partes do mundo**.

# UNIDADE DIDÁCTICA: 9 A 12 ANOS

## OBXECTIVOS:

1. Reflexionar sobre a importancia de escoitarnos e dialogar para construír cultura de paz.
2. Promover a resolución de conflitos de maneira pacífica a través do diálogo, o encontro e os coidados.
3. Fomentar que o grupo identifique como cidadás e cidadáns globais construtores de paz nas súas contornas educativas e comunitarias.

## MATERIAIS:

- Folios
- Hula- hoop ou un cartón grande cortado en forma de aro
- La de cores
- Siluetas de plumas (ver **Anexo 1**)
- Materiais para decorar (adhesivos, fíos de cores, abelorios, etc.)
- Lapis, bolígrafos e pinturas de cores

## MIRAMOS A IMAXE:

Miramos co grupo o cartel que decora a portada desta unidade didáctica. Que vemos?

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

A persoa que dinamiza comeza escribindo nun folio unha mensaxe inventada ou adaptada ao seguinte exemplo: “O conflito é natural nas relacións humanas; o importante é valorar o que cada unha de nós pode facer para construír paz.” Pídese entón ao grupo que fagan unha fila e se pasen a mensaxe dunha persoa a outra por toda a fila. A maneira de trasladar a mensaxe será no oído da persoa, sen que o resto o escoite. Unha vez que a mensaxe chegou á última persoa da fila, facemos as seguintes preguntas:

- Cal era a mensaxe inicial? Como terminou ao final da fila?
- Que pasou? Ocorreuvos algunha vez algo similar? Por que creedes que ocorre?

Comentamos que cando a información pasa dunhas persoas a outras, ás veces é difícil apreciar todos os detalles, xa que a información se reduce, se cambia, ou se confunde. Por iso é importante valorar o escoitarnos e dialogar **con respecto, claridade, paciencia e empatía**. O escoitar e interaccionar coas demais persoas de maneira igualitaria e empática fará que a nosa comunicación sexa máis clara, **as nosas relacións sexan máis próximas e que construíamos unha convivencia e cultura de paz nas nosas contornas**.

Coa finalidade de ir descubrindo máis sobre este tema, imos ler un conto. A persoa que facilita le en voz alta:



**“Conta a lenda que nalgún lugar do mundo existen uns paxaros moi pequenos que teñen unha gran misión: a de viaxar polo planeta terra e pousarse preto daquelas persoas que non son capaces de se poñeren de acordo cando existen diferenzas entre elas e eles, que exclúen outras persoas por ser diferentes, cando hai medo, e sobre todo cando hai un conflito.**

**Alí onde hai dúas persoas que non se poñen de acordo, onde existen diferenzas, onde aparece a rabia, o medo e o enfado, e falta o diálogo, estes paxaros voan preto e cun pouco de “maxia” animan ás persoas para mirarse aos ollos, e....”**

Deixamos o final en suspense, e abrimos un debate co grupo usando as seguintes preguntas:

- Que contou o conto ata agora?
- Que vos pasa cando vos enfades e tedes un conflito con alguén?
- Que vos adoita axudar para sentirvos mellor e xestionar o conflito?
- Que credes que lles pode dicir ao oído o paxaro?
- Como credes que termina a historia tras estes consellos?

A persoa que facilita a actividade vai apuntando todo o que vaia saíndo nunha lousa, incluíndo os finais que crean que pode ter o conto.

Para completar o conto, contaremos que estes paxaros se poden atopar en todo o mundo, acompañando cada persoa. Cando ven que hai un conflito, que se exclúe ou rexeita unha persoa por ser diferente, ou que non se chega a acordos, cada paxariño trae un **“atrapamedos”** no seu pico, e atrapa todos os medos, prexuízos e ideas que fan dano e nos afastan das persoas. Ao levar todo isto, que credes que queda despois? Aquí podemos guiar a reflexión complementando coas seguintes palabras: tras atrapar os medos, queda **a empatía, o coidado, o encontro, a aperta, a escoita, a comprensión, a igualdade, a solidariedade, a unión, o apoio, a paz, etc.**

Concluimos explicando que coidar ás persoas da nosa contorna, sen importar de onde veñan e como sexan, é tarefa de todos e todas por igual. **Cando coidamos de maneira igualitaria, somos cidadás e cidadáns que constrúen paz no mundo.**

## **A IGUALDADE ESTÁ NAS NOSAS MANS, POR ONDE EMPEZAMOS?**

Para realizar unha acción na que construíamos cultura de paz, propoñemos ao grupo que imos crear unha escultura de coidados entre todos e todas. En concreto, convidámoslos a tecer unha rede máxica como o “atrapamedos” dos paxaros, que teña o poder de atrapar aqueles medos, prexuízos e ideas que nos afastan e danan ás persoas, creando contornas de paz e igualdade.

Para comezar, preguntamos: Que medos, estereotipos ou prexuízos temos doutras persoas que poden danar, excluír e crear conflitos?

Como guía, podemos mencionar algúns exemplos de medos ou ideas que nos distancian: “cando unha persoa fala diferente; cando non entendemos a cultura doutra persoa; cando unha persoa se viste diferente; etc.” Tamén podemos mencionar aqueles estereotipos que adoitamos escoitar na nosa contorna e nos afectan a nós ou a outras persoas. Apuntamos cada medo nun papel.



Para completar o “atrapamedos”, preguntamos: Que palabras quedan despois de atrapar estes medos? Por exemplo, a empatía, o coidado, o encontro, a paz, etc. Estas palabras liberámolas ao quitar os medos, prexuízos e estereotipos, e voan entre as persoas como plumas lixeiras, creando cultura de paz. Para simbolizar estas palabras, propoñemos entregar a cada participante unha pluma de papel (ver **Anexo 1**), para que escriban **unha destas palabras de paz, coidados e de igualdade entre todas as persoas**.

Unha vez que estes dous elementos estean listos, construímos o noso “atrapamedos”. Para iso necesitaremos un hula- hoop ou un cartón recortado en forma de aro. Decoramos este aro e tecemos a tea de araña dentro del con la dunha a varias cores. Os medos pegámoslos ou enganchámoslos dentro da rede, para que se visualice que foron atrapados. As plumas coas palabras de paz podémolas colgar con fíos ou las do aro grande, como mensaxes que animen a achegarnos ás demais persoas, entendernos, coidarnos, e crear cultura de paz.

Este “atrapamedos” pódese colgar nalgún lugar visible do espazo para que nos lembre que **somos construtores e construtoras de paz todos os días, en diferentes partes do mundo**.

# UNIDADE DIDÁCTICA: 12 A 16 ANOS

## OBXECTIVOS:

1. Aprender sobre a importancia do diálogo, a escoita activa e o debate construtivo como ferramentas de convivencia e cultura de paz.
2. Promover un compromiso persoal e de grupo como cidadanía global que defende e promove a xustiza, a paz e a inclusión de todas as persoas.
3. Identificar accións que promoven convivencia que podamos levar a cabo como construtoras e construtores de paz.

## MATERIAIS:

- Cartolina ou lousa
- Papel continuo
- Cinta adhesiva
- Lapis, bolígrafos e pinturas de cores
- Globos ou tarxetas de papel
- Hula- hoop ou un cartón grande cortado en forma de aro
- La de cores
- Siluetas de plumas (ver **Anexo 1**)

## MIRAMOS A IMAXE:

Miramos co grupo o cartel que decora a portada desta unidade didáctica. Que vemos?

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

**Para comezar contamos ao grupo que imos realizar un gran debate sobre a paz e a convivencia no mundo. Trazamos unha liña no chan con cinta adhesiva, de maneira que divida o espazo en dous. Un lado representa estar a favor, mentres que o outro representa estar en contra.** Explicamos ao grupo que se van ir expoñendo en voz alta unha serie de premisas, e elas e eles decidirán se están a favor ou en contra colocándose ao carón ou ao outro lado da liña. Poden colocarse a diferentes alturas da liña, representando diferentes graos de acordo ou desacordo.

Cando se leu unha premisa, e o grupo posicionouse, terán como obxectivo conseguir entre todas e todos, a través do diálogo, **que se escoiten as voces de todas a persoa de maneira igualitaria, e que tenten chegar a unha conclusión, aínda que queden opinións diferentes en cada lado.** É importante lembrar que non hai posturas correctas ou incorrectas, e que todas as opinións deben ser escoitadas para aprender en diversidade. Para chegar a unha conclusión que recolla a situación do grupo enteiro, e que represente a todas as persoas, cada lado da liña expoñerá os seus argumentos acerca de por qué se sitúan alí.

As premisas que se lerán en voz alta serán as seguintes:

- “A nosa cultura vese afectada pola chegada de moitas culturas diferentes.”
- “Para permitir que cada cultura teña o seu propio desenvolvemento é mellor que esteamos en espazos separados.”
- “As relacións interculturais só xeran conflitos.”
- “Hai que tratar todas as persoas de maneira igualitaria, sen facer ningunha distinción.” • “É necesario crear espazos en que se atope e se comparta a diversidade cultural.”
- “A nosa sociedade debe transformarse para facilitar o respecto e o encontro intercultural.”
- “O medo ao diferente, os estereotipos e os prexuízos cara a outras persoas, non se poden evitar nin desmontar.”
- “As cidadás e cidadáns tamén podemos contribuír a construír igualdade e unha cultura de paz entre todas as persoas.”

Unha vez finalizada a actividade, reflexionamos sobre **as diferentes alternativas que temos no noso centro educativo, barrio e/ou cidade para convivir en diversidade, desmontando os medos, estereotipos e prexuízos que nos separan**. Podemos expor como a interculturalidade propón a construción da convivencia e a cohesión social na diversidade, incluíndo todas as persoas de maneira igualitaria.

Para finalizar a actividade, cada persoa escribe en tarxetas ou globos inflados un ou dous estereotipos, prexuízos ou medos que escoitaron algunha vez respecto diso doutras persoas. **Que medos, estereotipos ou prexuízos temos doutras persoas que poden danar, excluír e crear conflitos?** Como guía, podemos mencionar algúns exemplos de medos, estereotipos ou ideas que adoitamos escoitar na nosa contorna e nos afectan a nós ou outras persoas.

Cando rematen de escribir, colócanse todas as tarxetas ou globos no centro, e o grupo senta ao redor en círculo. Para **desmontar todos estes estereotipos, prexuízos e medos que dificultan a convivencia e xeran conflitos**, convidamos ás e aos participantes a saír de dous en dous ao centro: unha persoa colle unha tarxeta ou globo, lea á outra persoa, e esta última terá que desmontar o estereotipo con información e argumentos se considera que non corresponde á realidade. Aquí é importante guiar o grupo e reflexionar sobre como a maioría de estereotipos, prexuízos e medos que escoitamos sobre outras persoas están fundados nunha visión incompleta e a miúdo tendenciosa da realidade.

Unha vez que se desmontou un estereotipo, poderán romper a tarxeta ou picar o globo como símbolo de que está nas súas mans **crear unha convivencia de encontro, diálogo, información crítica e empatía entre todas as persoas**.

## A IGUALDADE ESTÁ NAS NOSAS MANS, POR ONDE EMPEZAMOS?

Para realizar unha acción na que construíamos cultura de paz, propoñemos ao grupo que imos crear unha escultura de coidados entre todos e todas. En concreto, convidámoslos a tecer unha rede en forma de “atrapamedos”, que teña o poder de atrapar aqueles medos, prexuízos e estereotipos que nos afastan e danan ás persoas, e que libere aquelas palabras que nos levan a situacións de paz e igualdade. Para comezar, lembraremos os medos, estereotipos e prexuízos que saíron durante a actividade e escribímolos de novo en papeis individuais. Ademais, para completar o “atrapamedos”, preguntamos: **Que palabras quedan despois de atrapar estes medos?** Por exemplo, a empatía, o coidado, o encontro, a paz, etc. Estas palabras liberámoslas ao quitar os medos, prexuízos e estereotipos, e voan entre as persoas como plumas lixeiras, creando cultura de paz.

Para simbolizar estas palabras, propoñemos entregar a cada participante unha pluma de papel **(ver Anexo 1)**, para que escriban **unha destas palabras de paz, coidados e de igualdade entre todas as persoas.**

Unha vez que estes dous elementos estean listos, construímos o noso “atrapamedos”. Para iso necesitaremos un hula- hoop ou un cartón recortado en forma de aro. Decoramos este aro e tecemos a tea de araña dentro del con la dunha a varias cores. Os medos pegámoslos ou enganchámoslos dentro da rede, para que se visualice que foron atrapados. As plumas coas palabras de paz podémolas colgar con fíos ou las do aro grande, como mensaxes que animen a achegarnos ás demais persoas, entendernos, coidarnos, e crear cultura de paz.

Este “atrapamedos” pódese colgar nalgún lugar visible do espazo para que nos lembre que **somos construtores e construtoras de paz todos os días, en diferentes partes do mundo.**

# ANEXOS

## ANEXO 1.

Plumas para o atrapasoños



# CRÉDITOS

**Coordinación:** Clara Maeztu y Veda Krüger.

**Autoría:** Raquel Llanos.

**Colaboración:** Raquel Alonso, Javiera Oñate, Alberto Medina, Encarna Durán y Davinia De Ramón.

**Dirección de Arte y Diseño Gráfico:** Maribel Vázquez.

**Edita:** Fundación Entreculturas



**un mundo**  
en tus manos

